

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA.

3º DE ED. PRIMARIA

3º TRIMESTRE

CURSO 2019/2020

CENTRO: CEIP DE FIGUEIROA

CURSO: 3º DE EDUCACIÓN PRIMARIA

MATERIAS: CC.NN, CC.SS, L.GAL., L.CAST, MAT., E.PLÁST,
VV.SS.CC E REL.

DATA: 10 DE MAIO DE 2020

ÍNDICE

1. **Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
2. **Avaliación e cualificación.**
3. **Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
4. **Información e publicidade.**

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020	PÁXINA 1 DE 8	CENTRO: CEIP DE FIGUEIROA CURSO: 3º DE EDUCACIÓN PRIMARIA MATERIA: CCNN, CCSS, L.G, L.C, MAT, E.P, VV.SS.CC E REL
--	---------------	--

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E COMPETENCIAS IMPRESCINDIBLES TRABALLADOS NO TERCEIRO TRIMESTRE	
Estándares de aprendizaxe traballados no 3º trimestre	Grao mínimo de consecución (Perfil de área)
CIENCIAS DA NATUREZA	
3º-CNB1.1.1-Busca, selecciona e organiza a información importante, obtén conclusións e comunica o resultado de forma oral e escrita de maneira ordenada, clara e limpa, en diferentes soportes.	Presenta de forma clara, ordenada e coherente os seus traballos.
3º-CNB2.1.1-Explica a morfoloxía externa do propio corpo, o seu funcionamento nun sentido global e os cambios nas distintas etapas da vida.	Identifica os cambios que se producen ao longo da vida.
3º-CNB2.1.2-Coñece os principais órganos vitais e entende a súa importancia no funcionamento do organismo.	Recoñece os principais órganos vitais e entende a súa importancia.
3º-CNB2.3.1-Clasifica alimentos en función dos nutrientes principais.	Clasifica alimentos segundo os seus nutrientes.
3º-CNB3.1.1-Observa, identifica e recoñece as características básicas e clasifica animais vertebrados e invertebrados do seu contorno, con criterio científico.	Identifica e clasifica animais vertebrados e invertebrados.
3º-CNB3.2.1-Coñece as funcións de relación, reprodución e alimentación dun ser vivo e as explica empregando diferentes soportes.	Explica as principais funcións dos seres vivos.
3º-CNB4.2.1-Explica os cambios de estado da auga en fenómenos naturais e situacións da vida cotián.	Recoñece os cambios de estado da auga.
3º-CNB4.3.2-Realiza algunhas mesturas de uso doméstico e presenta conclusións dos resultados.	Recoñecer algunhas mesturas que usamos a diario.
CIENCIAS SOCIAIS	
3º-CSB1.2.1-Participa en actividades individuais e de grupo e, emprega estratexias de traballo cooperativo adoitando un comportamento responsable, construtivo e solidario e respecta os principios básicos do funcionamento democrático.	Manifesta un comportamento respectuoso, responsable e cooperativo tanto no traballo individual como no do grupo.
3º-CSB2.1.1-Identifica, localiza os elementos principais do Sistema Solar: o Sol, os planetas e recoñece algunha das súas características básicas empregando as TIC.	Recoñece os principais elementos do Sistema Solar e busca información empregando as TIC de maneira grupal e guiada.
3º-CSB2.2.1-Describe de forma sinxela os movementos terrestres, o eixe do xiro e os polos xeográficos.	Coñece os principais movementos da Terra e as consecuencias.
3º-CSB2.3.1-Identifica, nomea e describe as capas da Terra.	Coñece as principais capas da Terra.
3º-CSB2.7.1-Identifica e nomea fenómenos atmosféricos e describe as causas que producen a formación das nubes e as precipitacións.	Recoñece os fenómenos atmosféricos máis comúns na comarca.

3º-CSB2.12.1-Escribe ordenadamente as fases nas que se produce o ciclo da auga.	Expón oralmente ou por escrito as fases do ciclo da auga.
3º-CSB2.13.1-Define paisaxe, identifica os seus elementos e recoñece as diferentes tipos de paisaxe básicas na comunidade autónoma.	Recoñece as diferenzas entre a paisaxe de costa, de chaira e de montaña.
3º-CSB2.15.2-Explica a importancia de coidar a atmosfera e as consecuencias de non facelo	Coñece algunha forma de evitar a contaminación atmosférica.
LINGUA GALEGA	
3º-LGB1.5.3-Utiliza a lingua galega en calquera situación de comunicación dentro da aula e valora o seu uso fóra dela.	Utiliza e valora a lingua galega en calquera situación comunicativa.
3º-LGB1.6.2-Elabora un discurso oral cohesivo, utilizando algúns nexos básicos.	Constrúe un discurso con coherencia usando nexos básicos.
3º-LGB2.1.2-Identifica as ideas principais dun texto sinxelo (narrativo, descritivo, expositivo).	Extrae a idea principal dun texto sinxelo.
3º-LGB2.3.2-Realiza o resumo, a partir de preguntas, dun texto sinxelo.	Fai o resumo dun texto sinxelo.
3º-LGB2.6.2-Le textos sinxelos en voz alta sen dificultade.	Le en voz alta correctamente.
3º-LGB2.9.1-Amosa interese pola lectura como fonte de aprendizaxe e medio de comunicación e de lecer.	Emprega a lectura para pensar e aprender.
3º-LGB3.1.3-Aplica, de forma xeral, os signos de puntuación (punto, coma, dous puntos, puntos suspensivos, signos de exclamación e interrogación).	Utiliza os signos de puntuación.
3º-LGB3.2.4-Escribe textos coherentes empregando algúns elementos de cohesión.	Utiliza estratexias para redactar correctamente.
3º-LGB4.2.2-Utiliza as normas ortográficas básicas, aplicándoas nas súas producións escritas, con especial atención ás maiúsculas.	Usa as normas ortográficas básicas dadas.
3º-LGB4.6.2-Recoñece e usa sinónimos, antónimos e palabras polisémicas básicas.	Usa sinónimos, antónimos e palabras polisémicas.
3º-LGB5.2.2-Le en voz alta obras e textos en galego da literatura infantil, adaptacións breves de obras clásicas e literatura actual, adaptadas á idade e en diferentes soportes.	Le en voz alta textos adaptados da literatura galega en diferentes soportes.
LINGUA CASTELÁ	
3º-LCB1.4.2-Utiliza o vocabulario axeitado a súa idade para expresarse con progresiva precisión nos diferentes contextos de comunicación.	Usa un vocabulario axeitado á súa idade.
3º-LCB1.5.3-Responde preguntas sinxelas correspondentes á comprensión literal.	Responde a preguntas sinxelas sobre un texto adaptado á súa idade.
3º-LCB2.1.2-Le en silencio textos sinxelos próximos á súa experiencia.	Le con ritmo axeitado.

3º-LCB2.2.1-Resume, respondendo a preguntas e reflectindo as ideas principais, textos de diversa tipoloxía textual.	Responde a preguntas sinxelas sobre un texto lido.
3º-LCB2.8.1-Utiliza, de xeito guiado, as Tecnoloxías da Información e a Comunicación para buscar información.	Achégase de maneira guiada ao uso das TICS
3º-LCB3.1.2-Respecta as normas gramaticais e ortográficas básicas, propias do nivel.	Aplica as normas ortográficas dadas na clase.
3º-LCB3.1.4-Presenta os seus traballos con caligrafía clara e limpeza: evitando riscos, inclinación de liñas etc.	Procura presentar os traballos con limpeza e claridade.
3º-LCB4.1.4-Utiliza as normas ortográficas básicas.	Esfórzase en empregar as normas de ortografía dadas na clase.
3º-LCB4.2.1-Utiliza palabras sinónimas, antónimas, polisémicas, frases feitas, na expresión oral e escrita.	Usa sinónimos, antónimos co vocabulario coñecido
3º-LCB4.3.2-Aplica as normas de concordancia de xénero e número, na expresión oral e escrita.	Aplica de xeito natural a concordancia.
3º-LCB4.3.4-Utiliza signos de puntuación nas súas composicións escritas.	Usa con axuda os signos de puntuación.
MATEMÁTICAS	
3º-MTB1.1.1-Analiza e comprende o enunciado dos problemas (datos, relacións entre os datos, contexto do problema, pregunta realizada)..	Le e interpreta correctamente o enunciado do problema.
3º-MTB2.1.1-Le, escribe e ordena números ata o 10.000.	Le, escribe e ordena números ata o 10.000.
3º-MTB2.2.3-Descompón, compón e redondea números naturais, interpretando o valor de posición de cada unha das súas cifras.	Distingue o valor que ten un número dentro da cifra pola súa posición.
3º-MTB2.3.1-Constrúe e memoriza as táboas de multiplicar, utilizándoas para realizar cálculo mental.	Constrúe as táboas de multiplicar e memorízalas, empregándoas no cálculo mental.
3º-MTB2.3.2-Realiza cálculos numéricos coa operación de multiplicación na resolución de problemas contextualizados.	Resolve problemas sinxelos empregando a multiplicación.
3º-MTB2.3.3-Resolve problemas utilizando a multiplicación para realizar recontos, en disposicións rectangulares nos que intervén a lei do produto.	Recoñece a multiplicación como suma de sumandos.
3º-MTB2.3.4-Realiza cálculos numéricos coa operación de división dunha cifra na resolución de problemas contextualizados.	Realiza divisións por unha soa cifra empregándoas na resolución de problemas sinxelas.
3º-MTB2.3.5-Identifica e usa os termos propios da multiplicación e da división.	Recoñece os termos dunha multiplicación e da división.
EDUCACIÓN PLÁSTICA	
3º-EPB1.3.1-Clasifica texturas e tonalidades de formas naturais e artificiais exploradas desde diferentes ángulos e posicións.	Clasifica texturas de formas naturais e artificiais
3º-EPB2.1.1-Utiliza cores (primarias e mesturadas) e tonalidades cunha intención estética, manexando diferentes técnicas.	Utiliza cores (primarias e mesturadas)
3º-EPB2.1.3-Manexa material diverso nas producións plásticas, explorando diversas técnicas e actividades manipulativas.	Manexa material diverso nas producións plásticas
VALORES CÍVICOS E SOCIAIS	

3º-VSCB1.3.3-Expresa os seus sentimentos, necesidades e dereitos, á vez que respecta os dos e das demais nas actividades cooperativas.	É quen de expresar os seus sentimentos, necesidades e dereitos, á vez que respecta os dos e das demais nas actividades cooperativas
3º-VSCB1.4.2-Asume as súas responsabilidades durante a colaboración.	É quen de asumir as súas responsabilidades durante a colaboración.
3º-VSCB1.7.2-Desenvolve actitudes de respecto cara aos demais en situacións formais e informais da interacción social.	Desenvolve actitudes de respecto cara aos demais.
3º-VSCB2.1.4-Expón respectuosamente os argumentos.	Expón respectuosamente os argumentos.
3º-VSCB2.4.2-Emprega a linguaxe positiva.	Emprega a linguaxe positiva.
3º-VSCB2.7.1-Respecta e acepta as diferenzas individuais.	Respecta e acepta as diferenzas individuais
3º-VSCB3.2.1-Amosa boa disposición a ofrecer e recibir axuda para a aprendizaxe.	É quen de amosar boa disposición a ofrecer e recibir axuda para a aprendizaxe

AS COMPETENCIAS TRABALLADAS NO TERCEIRO TRIMESTRE

Durante este trimestre traballaremos fundamentalmente as competencias lingüística (CL), matemática e científico tecnolóxica (CMCT), a competencia dixital (CD) e a competencia aprender a aprender (CAA).

As dúas primeiras -CL e CMCT- son ferramentas necesarias para o desenvolvemento dunha aprendizaxe eficiente e autónoma. No deseño das actividades buscaremos desenvolver a comprensión e expresión escrita e oral, ampliación de vocabulario e a mellora da lectura e da escritura. E ao mesmo tempo buscaremos actividades destinadas a achegarse a aos contidos básicos da ciencia e da matemática tratando de reforzar os contidos numéricos, as operacións básicas traballadas e o uso delas na vida diaria.

A utilización de Snappet e a posibilidade de darlle axuda e instrucións a través do chat do programa permitirános tamén o traballo coa competencia dixital.

Finalmente, tamén desenvolveremos estratexias de auto avaliación no alumnado ao proporcionarlles a solución de actividades e ser eles mesmos quen se teñan que corrixir.

Nas actividades tamén procuraremos que haxa un compoñente plástico que lle axude a desenvolver a Competencia en Expresións Artística e Cultural.

1. Avaliación e cualificación

En Educación Primaria a programación é realizada dende as titorías polo que os procedementos e instrumentos empregados son válidos para todas as materias.

Avaliación	Procedementos: <ol style="list-style-type: none">1. Observación sistemática a través de aplicacións telemáticas.2. Análise de producións.3. Intercambios orais co alumnado.4. Probas específicas.
	Instrumentos: <ol style="list-style-type: none">1. Listas de control de realización de actividades propostas.2. Análise de traballos propostos ao alumnado tales como informes, resumes, gravacións, etc.3. Entrevistas co alumnado.4. Resolución de exercicios e actividades propostas.
Avaliación Terceiro Trimestre e cualificación final	<p>A avaliación realizada terá como finalidade o diagnóstico da situación de cada alumno e será formativa. Terá como finalidade ben a recuperación da materia non superada en trimestres anteriores ou poderá mellorar a cualificación anual dos alumnos.</p> <p>Nas materias onde a avaliación ordinaria era continua (L.GAL., L.CAST., e Relixión) a nota coincidirá coa da segunda avaliación se esta é positiva e poderá valorarse un incremento da mesma se o mestre á vista do traballo realizado por cada alumno ou alumna neste terceiro trimestre o considera oportuno. No caso de alumnos con algunha destas materias pendentes nos primeiros trimestres valorárase a recuperación das mesmas á vista do traballo realizado.</p> <p>No caso das materias nas cales a avaliación ordinaria proceda da media aritmética dos trimestres (MAT., CC.NN, CC.SS, VV.SS.CC e E.P) farase sobre os tres trimestres se a avaliación dos dous primeiros era positiva e terase en conta o terceiro trimestre (que dá a opción de recuperar os dous primeiros en caso de que non fose positiva).</p>
Alumnado de materia pendente	<p>O alumnado con materia pendente en primaria será avaliado no curso que actualmente estea realizando desa materia. No momento en que un alumno logra o aprobado considerase que superou a materia do curso anterior.</p>

2. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)

<p>Actividades</p>	<p>MATEMÁTICAS: As actividades planificadas para este trimestre serán: DE REPASO E REFORZO: Exercicios prácticos con contidos pertencentes a unidades didácticas traballadas nos dous anteriores trimestres para consolidar coñecementos xa adquiridos. Actividades relacionadas con necesidades que xorden na vida diaria para aplicar eses coñecementos en situacións prácticas. Estas actividades de reforzo e repaso servirán de RECUPERACIÓN a aqueles alumnos ou alumnas que non teñan superada a materia dos dous primeiros trimestres.</p> <p>L.G E L.C: As actividades planificadas para este trimestre serán de repaso, reforzo e consolidación dos estándares antes sinalados.</p> <p>CC.NN e CC. SS: Realizaranse tarefas interdisciplinares con Lingua Galega para o reforzo e repaso de contidos sobre os seres vivos e con ampliación de algúns aspectos do bloque relacionado co ser humano e co mundo que nos rodea en CC.SS.</p> <p>VV.SS.CC E E.P: Recibirán propostas lúdicas e lecturas recomendadas e en Educación Plástica ofreceránselle propostas variadas e lúdicas para que poidan poñer en práctica a súa creatividade.</p>
<p>Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)</p>	<p>Neste momento todo o alumnado de terceiro traballa con conectividade e cadanseu portátil ou tableta. Contamos soamente con tres alumnos que non dispoñían de computador pero o centro facilitoulle un para cada alumno. A metodoloxía seguida polas titoras de terceiro iníciase cada quincena coa planificación de actividades para todas as materias que son colgadas na páxina do centro. A finais da segunda semana facilítase un solucionario para levar a cabo a autocorrección. A plataforma SNAPPET emprégase como un recurso que nos permite facilitar aprendizaxes e o seguimento diario do alumnado neles ao mesmo tempo que a través do chat permítenos a interacción co alumnado para resolver dúbidas, pedir axuda e incluso a interacción directa co alumnado. En canto a comunicación coas familias emprégase Abalar móbil para os avisos, aclaracións, peticións da familia, solicitude de tarefas puntuais co fin de continuar coas actividades propias das conmemoracións deste trimestre. Tamén se puxeron á disposición das familias os correos electrónicos para o envío de traballos daqueles alumnados que precisen máis axuda ou un maior seguimento.</p>
<p>Materiais e recursos</p>	<p>Creación de arquivos PDF con tarefas e actividades deseñadas. Snappet. Repositorio Abalar. Materiais dixitais seleccionados polas titoras. Libros de texto en papel e dixitais Fichas e materiais impreso.</p>

3. Información e publicidade

Información ao alumnado e ás familias	Farase unha comunicación ás familias empregando o Abalar Móbil.
Publicidade	Na páxina web do centro.